



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019669	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía de Arousa	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CMIFC01	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0226	Seguridade informática	2024/2025	8	140	168

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	GUSTAVO ADOLFO IGLESIAS BELLO
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo



2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

OBXECTIVOS XERAIS do ciclo formativo que este módulo contribúe a acadar son:

- a) Organizar os compoñentes físicos e lóxicos que forman un sistema microinformático, interpretando a súa documentación técnica, para aplicar os medios e os métodos acaídos á súa instalación, á súa montaxe e ao seu mantemento.
- c) Recoñecer e executar os procedementos de instalación de sistemas operativos e programas de aplicación, aplicando protocolos de calidade, para instalar e configurar sistemas microinformáticos.
- d) Representar a posición dos equipamentos, das liñas de transmisión e dos demais elementos dunha rede local, e analizar a morfoloxía, as condicións e as características do despregamento, para reformular a instalación de cables e a electrónica da rede.
- e) Localizar e fixar equipamentos, liñas, canalizacións e demais elementos dunha rede local con cables, sen eles ou mixta, aplicando procedementos de montaxe e protocolos de calidade e de seguridade, para instalar e configurar redes locais.
- g) Localizar e reparar avarías e disfuncións nos compoñentes físicos e lóxicos para manter sistemas microinformáticos e redes locais.
- k) Recoñecer características e posibilidades dos compoñentes físicos e lóxicos para asesorar e asistir a clientela.
- l) Detectar e analizar cambios tecnolóxicos para elixir novas alternativas e manter a actualización dentro do sector.

COMPETENCIAS do ciclo formativo que este módulo contribúe a acadar son:

- a) Determinar a loxística asociada ás operacións de instalación, configuración e mantemento de sistemas microinformáticos, interpretando a documentación técnica asociada e organizando os recursos necesarios.
- c) Instalar e configurar software básico e de aplicación, e asegurar o seu funcionamento en condicións de calidade e seguridade.
- i) Executar procedementos establecidos de recuperación de datos e aplicacións ante fallos e perdas de datos no sistema, para garantir a integridade e a dispoñibilidade da información.
- j) Elaborar documentación técnica e administrativa do sistema, cumprindo as normas e a regulamentación do sector, para o seu mantemento e a asistencia á clientela.
- l) Asesorar e asistir a clientela, canalizando a un nivel superior os supostos que o requiran, para achar solucións acaídas para as súas necesidades.
- n) Manter un espírito constante de innovación e de actualización no ámbito do sector informático.
- p) Aplicar os protocolos e as normas de seguridade, calidade e respecto polo medio nas intervencións realizadas.
- q) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando consonte os principios de responsabilidade e de tolerancia.
- u) Xestionar a súa carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, autoemprego e aprendizaxe.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS ou resultados de aprendizaxe deste módulo son os seguintes:

- RA1. Identifica técnicas e prácticas de tratamento seguro da información, e recoñece e valora a súa importancia en distintos contornos de traballo
- RA2. Aplica medidas de seguridade pasiva en sistemas informáticos, recoñecendo as necesidades de acordo coas características do contorno



- RA3. Xestiona dispositivos de almacenaxe aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas para asegurar a integridade da información
- RA4. Aplica mecanismos de seguridade activa atendendo ás necesidades do sistema informático
- RA5. Asegura a privacidade da información transmitida en redes informáticas, para o que identifica vulnerabilidades e instala software específico
- RA6. Recoñece a lexislación e a normativa sobre seguridade e protección de datos, e analiza as repercusións do seu incumprimento

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Introdución a seguridade informática	Conceptos de seguridade, tratamento seguro da información, políticas e medidas de seguridade	20	5
2	Lexislación sobre seguridade informática	Lexislación sobre sistemas informáticos e TIC's	10	5
3	Seguridade física e ambiental	Conceptos e medidas de seguridade física e ambiental.	25	15
4	Sistemas de almacenaxe	Medidas de seguridade para sistemas de almacenaxe.	28	20
5	Seguridade lóxica	Conceptos e medidas de seguridade lóxica	30	20
6	Seguridade en rede ou perimetral	Conceptos e medidas de seguridade en redes	30	20
7	Firewalls	As devasas como medida de seguridade fundamental da rede.	25	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Introdución a seguridade informática	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Identifica técnicas e prácticas de tratamento seguro da información, e recoñece e valora a súa importancia en distintos contornos de traballo.	SI
RA4 - Aplica mecanismos de seguridade activa atendendo ás necesidades do sistema informático.	NO



4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Valorouse a importancia de manter a información segura.
CA1.2 Clasificouse a información no ámbito da seguridade.
CA1.3 Descríbíronse as diferenzas entre seguridade física e lóxica.
CA1.4 Identificáronse as principais técnicas criptográficas.
CA1.5 Recoñeceuse a necesidade de integrar técnicas criptográficas na almacenaxe e na transmisión da información.
CA1.6 Identificáronse os fundamentos criptográficos dos protocolos seguros de comunicación (clave pública, clave privada, etc.).
CA1.7 Recoñeceuse a necesidade de facer unha análise de riscos e a posta en marcha dunha política de seguridade.
CA1.8 Establecéronse as normas básicas para incluír nun manual de seguridade informática.
CA4.1 Seguíronse plans de continxencia para actuar ante fallos de seguridade.

4.1.e) Contidos

Contidos
Seguridade física e lóxica.
Criptografía.
Políticas de seguridade.
Manual de seguridade e plans de continxencia.



4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Lexislación sobre seguridade informática	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Recoñece a lexislación e a normativa sobre seguridade e protección de datos, e analiza as repercusións do seu incumprimento.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Describiuse a lexislación sobre protección de datos de carácter persoal.
CA6.2 Determinouse a necesidade de controlar o acceso á información persoal almacenada.
CA6.3 Identifícaronse as figuras legais que interveñen no tratamento e no mantemento dos ficheiros de datos.
CA6.4 Contrastouse a obriga de pór ao dispor das persoas os datos persoais que lles atinxen.
CA6.5 Describiuse a lexislación sobre os servizos da sociedade da información e o comercio electrónico.
CA6.6 Contrastáronse as normas sobre xestión de seguridade da información.
CA6.7 Comprendeuse a necesidade de coñecer e respectar a normativa aplicable.

4.2.e) Contidos

Contidos
Lexislación sobre protección de datos.
Lexislación sobre os servizos da sociedade da información e o correo electrónico.
Normas ISO sobre xestión de seguridade da información.



4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Seguridade física e ambiental	25

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica medidas de seguridade pasiva en sistemas informáticos, recoñecendo as necesidades de acordo coas características do contorno.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Definíronse as características do emprazamento e as condicións ambientais dos equipamentos e dos servidores.
CA2.2 Identificouse a necesidade de protexer fisicamente os sistemas informáticos.
CA2.3 Verificouse o funcionamento dos sistemas de alimentación ininterrompida.
CA2.4 Seleccionáronse os puntos de aplicación dos sistemas de alimentación ininterrompida.
CA2.7 Valoráronse as vantaxes do uso de sistemas biométricos.

4.3.e) Contidos

Contidos
Localización e protección física dos equipamentos e dos servidores.
Sistemas de alimentación ininterrompida.



4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistemas de almacenaxe	28

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestiona dispositivos de almacenaxe aplicando os procedementos e as técnicas adecuadas para asegurar a integridade da información.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Interpretouse a documentación técnica relativa á política de almacenaxe.
CA3.2 Tivéronse en conta factores inherentes á almacenaxe da información (rendemento, dispoñibilidade, accesibilidade, etc.).
CA3.3 Clasificáronse e enumeráronse os principais métodos de almacenaxe, incluídos os sistemas en rede.
CA3.4 Descríronse as tecnoloxías de almacenaxe redundante e distribuída.
CA3.5 Seleccionáronse estratexias para a realización de copias de seguridade.
CA3.6 Tívoise en conta a frecuencia e o esquema de rotación.
CA3.7 Realizáronse copias de seguridade seguindo diversas estratexias.
CA3.8 Identifícanse as características dos medios de almacenaxe remotos e extraíbles.



Criterios de avaliación
CA3.9 Utilizáronse medios de almacenaxe remotos e extraíbles.
CA3.10 Creáronse e restauráronse imaxes de respaldo de sistemas en funcionamento.

4.4.e) Contidos

Contidos
Almacenaxe da información: rendemento, dispoñibilidade e accesibilidade.
Almacenaxe redundante e distribuída.
Almacenaxe remota e extraíble.
Copias de seguridade e imaxes de respaldo.
Medios de almacenaxe.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Seguridade lóxica	30

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica medidas de seguridade pasiva en sistemas informáticos, recoñecendo as necesidades de acordo coas características do contorno.	NO
RA4 - Aplica mecanismos de seguridade activa atendendo ás necesidades do sistema informático.	NO



4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.5 Esquematizáronse as características dunha política de seguridade baseada en listas de control de acceso.
CA2.6 Valorouse a importancia de establecer unha política de contrasinais.
CA4.2 Clasificáronse os principais tipos de software malicioso.
CA4.3 Empregáronse ferramentas que examinan a integridade do sistema, e ferramentas de control e seguimento de accesos.
CA4.4 Realizáronse actualizacións periódicas dos sistemas para corrixir posibles vulnerabilidades.
CA4.5 Verificouse a orixe e a autenticidade das aplicacións que se instalan nos sistemas.
CA4.6 Instaláronse, probáronse e actualizáronse aplicacións específicas para a detección e a eliminación de software malicioso.
CA4.7 Aplicáronse técnicas de recuperación de datos.

4.5.e) Contidos

Contidos
Listas de control de acceso.
Política de contrasinais.
Sistemas biométricos de identificación.
Recuperación de datos.
Monitorización de sistemas.
Auditorías de seguridade.
Software malicioso: clasificación. Ferramentas de protección e desinfección.
Actualización de sistemas e aplicacións.



4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Seguridade en rede ou perimetral	30

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Asegura a privacidade da información transmitida en redes informáticas, para o que identifica vulnerabilidades e instala software específico.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identificouse a necesidade de inventariar e controlar os servizos de rede.
CA5.2 Contrastouse a incidencia das técnicas de enxeñaría social nas fraudes informáticas e nos roubos de información.
CA5.3 Deduciuse a importancia de reducir o volume de tráfico xerado pola publicidade e o correo non desexado.
CA5.4 Aplicáronse medidas para evitar a monitorización de redes con cables.
CA5.5 Identifícaronse as ameazas na navegación por internet.
CA5.6 Clasifícaronse e valoráronse as propiedades de seguridade dos protocolos usados en redes sen fíos.
CA5.7 Describíronse e utilizáronse sistemas de identificación como a sinatura electrónica, o certificado dixital, etc.

4.6.e) Contidos

Contidos
Métodos para asegurar a privacidade da información transmitida.
0Análise dos rexistros (logs) dun sistema para identificar ataques reais ou potenciais á seguridade.
Identificación dixital: sinatura electrónica e certificado dixital.



Contidos
Monitorización do tráfico en redes con cables. Seguridade en redes sen fíos. Riscos potenciais dos servizos de rede. Sistemas de seguridade nas telecomunicacións: correo, www, ftp, p2p, etc. Publicidade e correo non desexados. Utilización de devasas (firewalls) en equipamentos e en servidores.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Firewalls	25

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Asegura a privacidade da información transmitida en redes informáticas, para o que identifica vulnerabilidades e instala software específico.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.8 Instalouse e configurouse unha devasa (firewall) nun equipamento ou nun servidor.

4.7.e) Contidos

Contidos
Fraudes informáticas e roubos de información.



5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS EXIXIBLES:

Tódolos criterios de avaliación son mínimos exixibles e están especificados en cada unidade didáctica.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

-En cada unha das sesións de avaliación emitírase unha nota (con cifras de 1 a 10, sen decimais) do módulo segundo os criterios de avaliación expresados en cada unidade didáctica e utilizando os instrumentos e o sistema de avaliación que se citan de contado.

-Cotas de nota

-A cota máxima que é posíbel acadar en calqueira cualificación é de 10.

-A cota mínima que obterase en calqueira cualificación é de 1 (excepto na avaliación baseada na observación, podendo ser ésta de 0); con todo, que as tarefas, traballos, actividades e/ou probas de calqueira índole avaliable, e con obriga de presentación, se non se fixera a devandita entrega, permancerá coma "non entregada".

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Probas escritas teórico/prácticas:

- Realizaranse unha ou dúas probas escritas e/ou prácticas por cada unidade didáctica sobre os contidos e procedementos de dita unidade.

Normalmente, unha proba teórica e outra proba práctica.

- Cada proba escrita ou práctica será puntuada de cero a dez.

- Para calcular a nota correspondente a este apartado farase: Proba teórica*40%+Proba práctica*60%.

- Exíxese que o/a alumno/a obteña unha puntuación mínima de 5 en cada unha das probas.

Prácticas individuais e/ou en grupo:

- O grupo de traballo realizará unha investigación sobre determinados contidos e/ou procedementos das diferentes unidades didácticas da que deixará constancia en soporte dixital e que despois entregará ao profesor e exporá ao resto de compañeiros.

-- Valoraranse, cun número entre 0 e 10 e de maneira individual para cada compoñente do grupo, as seguintes características: capacidade de investigación, comprensión do investigado e capacidade de explicación.

-- Valoraranse, tamén cun número entre 0 e 10 pero de xeito global para todo o grupo, as seguintes características: calidade do material escrito entregado e nivel de dificultade do traballo.

- As prácticas individuais valoraranse, cun número entre 0 e 10, tendo en conta as seguintes características: capacidade de investigación, comprensión do investigado e eficiencia na presentación do traballo.

- Para calcula-la nota correspondente a este apartado farase a media ponderada indicada no libro de cualificacións da AV de tódalas notas

correspondentes a este apartado, incluídas as non realizadas, que levarán como nota un 0.

-Avaliación baseada na observación (aplica pra todas as unidades durante todo o curso):



Conforme a metodoloxía aplicada tamén noutros centros (ver: https://www.edu.xunta.gal/centros/cfrcoruna/aulavirtual/pluginfile.php/7126/mod_resource/content/0/La_evaluacion_en_la_FP.pdf) en relación al RD 984/2021, de 16 de novembro,

avaliarase utilizando a técnica baseada na observación, e de xeito contínuo:

- A intervención, interacción, colaboración (ben sexa mediante preguntas a o profesor e/ou respostas a éste) en clase.
- A cualificación mínima é de 0 e a máxima de 0,5 aplicando na nota final das prácticas (non se cualificará en ningún caso máis de un 10 na devandita nota final das prácticas.).

SISTEMA DE AVALIACIÓN:

A nota de cada unidade didáctica calcúlase:

- Probas escritas teórico/prácticas: 60%.
- Prácticas individuais e/ou en grupo: 40%

AUTORÍA DE ACTIVIDADES, TAREFAS PROBAS OU TRABALLOS:

-calesqueira das probas/traballos/tarefas/actividades a realizar por os alumnos ou as alumnas, ben sexan teóricas ou prácticas, actividades en clase ou na casa, etc. poderá ser verificada a autoría das mesmas por parte do profesor en calquera momento da celebración ou realización da proba/traballo/tarefa/actividade ou ben con posterioridade a ésta. Se o resultado é copia ou falsificación uo calqueira outro método de suplantación da autoría (uso de ferramentas de intelixencia artificial non autorizadas, ferramentas de internet non autorizadas, etc) a nota global da proba/traballo/tarefa/actividade será a nota mínima da mesma.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumno terá dereito a unha proba de avaliación extraordinaria, antes de ir o FCT, que se realizarán durante o período extraordinario de avaliación, para recuperar aquelas unidades que teña suspensas, con todo, será unha obriga para dita recuperación haber obtido un 5 ou mais nos exercicios de clase.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O alumnado que perdeu o dereito á avaliación continua pode presentarse a unha proba final que se desenvolverá durante a avaliación final ordinaria en Xuño.

A proba final consistirá nun exame teórico (35%) e un exame práctico (65%) sobre os contidos e procedementos do módulo.



Poderase esixir que o alumnado obteña unha puntuación mínima de 4 en cada unha das notas para facer o cálculo anterior. De non ser así a nota final será a nota suspensa máis próxima á media.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Contéplanse tres niveis de seguimento da programación e de avaliación da propia práctica docente:

Nivel individual:

O profesorado que imparta o módulo fará un seguimento continuo da programación e unha avaliación continua da propia práctica docente.

Nivel de curso:

As reunións de avaliación servirán tamén para facer seguimento da programación, avaliar a práctica docente e coordinar a práctica docente entre os módulos dun mesmo curso.

Nivel de departamento:

Farase o seguimento das programacións de tódolos módulos coa frecuencia mínima estipulada pola Administración Educativa e ademais durante o último trimestre do curso haberá como mínimo un profesor por ciclo dedicado á revisión das programacións e á avaliación da práctica docente.

Este grupo de profesores proporá ao departamento e ao final do curso modificacións nas programacións baseándose na súa revisión particular, na experiencia docente dos profesores que impartiron cada módulo e na práctica docente dos mesmos. As propostas anteriores que sexan aprobadas polo departamento, serán levadas a cabo ao principio do curso seguinte polos profesores de cada módulo.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha enquisa ao alumnado para coñecer a experiencia laboral, académica e persoal con relación ao módulo naqueles aspectos non tratados na enquisa xeral que levará a cabo o titor do curso.

Os resultados da enquisa e os que se derivan da comunicación directa entre profesor e alumnado serán compartidos co resto do profesorado docente durante a sesión de avaliación inicial que se celebrará na data determinada por Xefatura de Estudos



8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo teñen como obxectivo intentar axudar a superar algunha unidade didáctica a aqueles alumnos que non acadaron os obxectivos mínimos esixibles.

As medidas de reforzo da parte procedemental da unidade didáctica consistirán na resolución de supostos cunha metodoloxía distinta e máis detallada. Estes supostos serán resolto polo alumno sempre coa axuda do profesor.

As medidas de reforzo da parte conceptual da unidade didáctica consistirán no repaso dos conceptos por parte do alumno e coa axuda do profesor.

As medidas de reforzo da parte actitudinal da unidade didáctica consistirán na proposta de cambio por parte do alumno e a supervisión do profesor

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores neste módulo terá en conta os seguintes puntos, que serán observados e avaliados ao longo do curso, de acordo aos criterios de cualificación indicados:

Aceptar as normas de comportamento e de traballo establecidas.

Participar activamente nos debates e na formación de grupos de traballo.

Valorar a evolución da técnica para adaptarse ó posto de traballo.

Ter interese pola formación permanente en cuestións relacionadas co seu traballo.

Perseverar na busca de solucións.

Valorar a constancia e o esforzo propio e alleo na realización do traballo.

Utilizar os equipos e programas informáticos cumprindo as normas de seguridade e hixiene así como os requisitos legais.

Mostrar interese pola utilización correcta da linguaxe informática.

Realizar o traballo de forma autónoma e responsable.

Ter responsabilidade na execución do seu propio traballo e dos resultados obtidos.

Ter orde e método na realización de tarefas.

Mostrar gusto por unha presentación limpa e ordenada dos resultados dos traballos realizados.

Demostrar interese pola conclusión total dun traballo antes de comezar o seguinte.

Valorar a importancia da comunicación na actividade humana, as normas e procedementos polas que se establece, e a necesidade de contar con



sistemas que a faciliten.

Valorar a incidencia das novas tecnoloxías da comunicación e transmisión de información nos procesos administrativos e de xestión na empresa.

Recoñecer a necesidade de utilizar e seleccionar as fontes e recursos de información dispoñibles.

Ter autonomía para tomar decisións fronte a problemas concretos ou supostos prácticos.

Desenvolver a iniciativa, o sentido da responsabilidade e a madurez profesional.

Organizar os recursos e o tempo dispoñible, establecendo prioridades e actuando con orde e meticulosidade, e valorando a transcendencia do seu traballo.

Respectar outras opinións, ideas e condutas.

Ter conciencia de grupo, integrándose nun grupo de traballo e participando activamente nas tarefas colectivas respectando sempre as opinións alleas.

Respectar a execución do traballo alleo no grupo compartindo as responsabilidades derivadas do traballo global.

Valorar o traballo en equipo como medio eficaz para a realización de certas actividades.

Manter actitudes de solidariedade e compañeirismo.

Establecer un clima positivo de relación e colaboración co entorno, valorando a comunicación como un dos aspectos máis esenciais na súa profesión

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As que estableza o departamento a principio de curso